

**Convenio colectivo da empresa Transportes La Unión, S.A.
(Anos 2003-2005)¹**

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio afecta a todo o persoal pertencente actualmente ó cadro de persoal da empresa Transportes La Unión, S.A., así como a aquel que ingrese durante a vixencia deste.

Artigo 2º.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003 ó 31 de decembro de 2005, e entenderase prorrogado de ano en ano, salvo denuncia de calquera das partes con tres meses de antelación, como mínimo, á data da súa terminación ou prórrogas.

A dita prórroga non terá efecto sobre a táboa salarial, que seguirá incrementándose tódolos anos, o 1 de xaneiro, sobre a parte proporcional que se acorde entre empresa e traballadores.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

Estas normas obrigan a totalidade do persoal ocupado pola empresa, tanto se realiza función técnica como manual.

Artigo 4º.-Compensacións.

As condicións pactadas son compensables na súa totalidade, coas que viñesen rexendo, por mellora pactada ou voluntaria concedida pola empresa.

Artigo 5º.-Absorcións.

As melloras que por disposición legal ou regulamentaria, poidan establecerse no futuro, serán absorbibles polos aumentos acordados por este convenio, sempre e cando non superen os beneficios que se conceden no conxunto deste.

Artigo 6º.-Situacións persoais.

Respectaranse as situacións persoais que con carácter de cómputo anual excedan destas normas, mencionadas estrictamente ad personam. Como as melloras económicas que se implantan en virtude deste convenio, teñen o carácter de mínimas, estimadas no seu conxunto, subsistirán os pactos, cláusulas e situacións de feito, establecidas por costume xeral ou de lugar implantadas pola empresa que significasen condicións máis beneficiosas para os traballadores.

Artigo 7º.-Soldos e salarios.

O persoal afectado por este convenio, segundo as categorías, rexeranse para o primeiro período de vixencia do convenio (1-1-2003 a 31-12-2003) pola táboa salarial anexa.

Para o período de vixencia do convenio, 1 de xaneiro de 2004 a 31 de decembro de 2004, a dita táboa incrementarase no IPC do ano 2003 máis o 1%.

Para o período de vixencia do convenio, 1 de xaneiro de 2005 a 31 de decembro de 2005, a táboa salarial anterior incrementarase no IPC do ano 2004 máis o 1%.

Artigo 8º.-Gratificacións extraordinarias.

As gratificacións extraordinarias do ano aboaranse na contía de 30 días, segundo a táboa salarial, máis antigüidade se é o caso; denominaranse, xullo, Nadal e marzo, e serán feitas efectivas antes do 22 de xullo, 20 de decembro e 15 de marzo, respectivamente.

Artigo 9º.-Vacacións.

Todo o persoal ó servizo da empresa desfrutará un período anual de vacacións de 30 días naturais;

¹ Publicado no DOG núm. 46, do 5 de marzo de 2004.

e como norma xeral nun ou dous períodos distintos, un dos cales será preferentemente en verán.

Artigo 10º.-Complementos nocturnos.

O persoal que traballe entre as 22.00 e as 6.00 horas percibirá un suplemento por traballo nocturno, equivalente ó 25% do soldo ou salario base sinalado na súa categoría profesional na táboa de salarios deste convenio. Estas bonificacións percibiránse incluso aqueles que por razón da súa quenda de traballo efectúen a súa xornada dentro destes límites, pero para iso será preciso que polo menos traballen tres horas dentro do período considerado. Exclúese do cobramento do expresado suplemento o persoal que realice a súa función durante a noite e que fose contratado para tal fin.

Artigo 11º.-Conductor-preceptor.

O conductor-preceptor percibirá, ademais da remuneración de conductor, un suplemento salarial do 20% do seu salario base, por cada día de traballo, en que realice ambas funcións.

Artigo 12º.-Axudas de custo.

1. A axuda de custos é un complemento extrasalarial de carácter irregular, que ten por obxecto indemnizar ou compensar os gastos de comida e aloxamento ocasionados como consecuencia de desprazamentos.

2. O persoal que saia da súa residencia laboral por causas de servizos terá dereito ó percibo de axudas de custo en función das seguintes circunstancias:

2.1. Devengarase axuda de custos completa cando a realización dun servizo obrigue o traballador a comer, cear e pernoctar fóra da súa residencia laboral.

2.2. Percibirase a axuda de custos correspondente á comida do mediodía, sempre que o servizo realizado obrigue a efectuala fóra da residencia laboral e, en todo caso, cando o traballador saia da súa residencia laboral antes das 12:00 horas e regrese despois das 14.00 horas.

2.3. Cobrarase o importe da axuda de custos correspondente á cea sempre que o servizo realizado obrigue a efectuala fóra da súa residencia laboral, e, en todo caso, cando a saída se efectúe antes das 20.00 horas e regrese despois das 22.00 horas.

2.4. Percibirase o importe correspondente á pernoctación sempre que o servizo realizado obrigue a efectuala fóra da súa residencia laboral e, en todo caso, cando cheguen á súa residencia laboral despois das cero horas.

O importe das axudas de custo será o que figura no punto B do anexo.

Artigo 13º.-Xornada de traballo.

A xornada semanal de traballo será de 40 horas efectivas para todo o persoal, de acordo co Estatuto dos traballadores.

A xornada anual ordinaria será de 1.816 horas de traballo efectivo. Cando a súa distribución supoña a superación das 40 horas semanais, o control e cómputo da xornada verificarase bimensualmente,

en termos de media. Cando por razóns obxectivas sexa necesario, as partes negociarán outros sistemas do cómputo e control, respectando en todo caso o tempo máximo de xornada ordinaria anual mencionada anteriormente.

Por outra parte, o traballador terá dereito, como mínimo, a unha hora para realiza-la comida do mediodía, no período comprendido entre as 12.30 e as 16.30 horas.

No caso de que por necesidades do servizo non fose posible realiza-la comida nese período, o traballador terá dereito a unha axuda de custos adicional de 2,36 euros.

Para os efectos de xornada, será de aplicación o disposto no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, e demais normas específicas para o sector do transporte.

En canto ás horas de presenza, haberá que aterse ó que dispón o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro.

Artigo 14º.-Descansos.

O descanso semanal e entre xornada estará de acordo coa lexislación vivente en cada momento e no Estatuto dos traballadores.

Artigo 15º.-Horas extraordinarias estruturais.

Para os efectos do previsto no Real decreto 92/1983, e a Orde do 1 de marzo de 1983 do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, sobre cotización adicional de horas extraordinarias estruturais, considéranse como tales, as que se realicen con ocasión de accidentes ou para solucionar necesidades urxentes que veñan esixidas de inmediato polo servizo, as que obedecen a períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambio de quenda ou outras circunstancias de carácter estrutural derivadas da propia natureza da actividade de transportes. Tendo o carácter de ordinarias ata 2 de toma e deixa por día de servizo.

Serán contabilizadas en computo mensual e aboadas sempre que superen as normais de traballo.

Artigo 16º.-Horas de presenza.

Dada a dificultade de determina-las horas de presenza, en cada caso individual, as partes acordan un pagamento global destas de 90 A mensuais, sempre e cando sumando as horas efectivas, tempo de presenza, e tempo de espera superen a xornada laboral establecida.

Entendendo que o excede-la xornada laboral con horas efectivas dará lugar ó pagamento das correspondentes horas estruturais ou extraordinarias. Este complemento non se aboará durante as vacacións e os períodos de baixa por enfermidade ou accidente e comezarse a aboar a partir da nómina de xaneiro de 2004.

Artigo 17º.-Licencias e permisos.

En canto ós permisos e licencias axustarase ó disposto no Estatuto dos traballadores e demais leis, non obstante o traballador terá dereito a gozar dunha licenza dun día ó ano por asuntos propios, que poderá acumula-los descansos legalmente establecidos no artigo 37.3º a), b) e c) do Estatuto dos traballadores. Esta licenza deberá ser solicitada, por

escrito, cunha antelación mínima de corenta e oito horas.

Artigo 18º.-Dimisión ou cesamento.

Todo empregado terá dereito a dimitir do seu cargo sen estar obrigado a alega-las causas da súa determinación.

Para iso, o persoal comunicarlle á dirección da empresa e por escrito a data en que deixará de presta-los seus servizos, e cunha antelación mínima de 15 días.

O abandono do posto de traballo sen que transcorrese o prazo sinalado, será penalizado cunha sanción económica equivalente ó salario que lle corresponda polos días que falten desde o abandono do servizo ou traballo, ata a data en que cumprido o trámite de aviso previo lle correspondese o cesamento.

Artigo 19º.-Execendencias.

Haberá que aterse ó establecido no Estatuto dos traballadores.

Artigo 20º.-Uniformes.

A empresa concederalle ó persoal de movemento dous uniformes: un de inverno e outro de verán, de común acordo a empresa e os traballadores.

Ó persoal de talleres dúas fundas ó ano e botas de seguridade.

Artigo 21º.-Enfermidade e accidentes.

Durante a situación de incapacidade laboral transitoria derivadas de accidente de traballo, ou enfermidade común que necesite intervención cirúrxica, a empresa completará ata o importe íntegro do salario do convenio e por un máximo de 6 meses, contados desde a data da baixa, a prestación económica aboada pola Seguridade Social.

Tamén se aplicará o disposto no punto anterior no caso de baixa por enfermidade común, que necesite hospitalización, sempre que esta sexa superior a 6 días.

Artigo 22º.-Retirada do permiso de conducir.

En caso de que a un conductor lle sexa retirado o permiso de conducir por algunha causa no servizo da empresa, ou conducindo un vehículo desta, esta terá a obriga de trasladalo a outro posto de traballo o máis parecido ó seu, como máximo dúas veces ó ano e as dúas veces non sumarán máis de seis meses tamén ó ano.

O acordado neste artigo non será de aplicación cando as causas proveñan por excede-lo límite permitido de impregnación alcohólica, comprobado pola autoridade competente.

Artigo 23º.-Dereitos sindicais.

Haberá que aterse ó que determine o Estatuto dos traballadores.

Artigo 24º.-Seguro de accidente laboral.

A empresa contratará totalmente ó seu cargo, un seguro colectivo a favor do seus traballadores de 21.035,45 euros por cada uno, de forma que en caso de falecemento, invalidez permanente total, absoluta e gran invalidez derivadas de accidente laboral ó servizo da empresa, sendo beneficiarios en caso de falecemento do traballador o cónxuxe supérsiste

e no seu defecto polos herdeiros legais. Caso de invalidez o beneficiario será o propio traballador.

Este seguro non constitúe unha substitución das obrigacións da empresa en materia de Seguridade Social, senón un complemento desta.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2004 amplíase a cantidade asegurada en caso de falecemento, invalidez permanente total, absoluta e gran invalidez derivadas de accidente laboral ó servizo da empresa a 27.045,54 euros.

Artigo 25º.-Antigüidade.

Consistirá nas seguintes porcentaxes de aumento, a partir do mes seguinte ó cumprimento de antigüidade na empresa, para os traballadores fixos de cadro de persoal á sinatura deste convenio, ós 2 anos o 5%, ós 5 anos o 10%, ós 9 anos o 20%, ós 15 anos o 30%, ós 19 anos o 40%, ós 24 anos o 50%, e como último aumento ós 29 anos o 60%.

Artigo 26º.-Quebranto de moeda.

En concepto de quebranto de moeda os conductores perceptores percibirán a cantidade de 0,89 A diarios. Por cada día en que leven a cabo os ditos labores.

Artigo 27º.-Sancións.

A empresa responsabilizarase do aboamento das sancións impostas ós conductores, cando sexan debidas a causas alleas á súa vontade, na condución autorizada de vehículos da empresa.

Artigo 28º.-Lexislación subsidiaria.

En todo o non previsto expresamente neste convenio, haberá que averse ó disposto no Estatuto dos traballadores e demais disposicións viventes en cada momento.

Artigo 29º.-Comisión paritaria.

Para a interpretación das cláusulas deste convenio, constituirase unha comisión paritaria integrada por dous representantes da empresa e dous delegados de persoal da empresa, que tomaron parte na comisión negociadora do convenio.

Artigo 30º.-Partes asinantes do convenio.

Asinan este convenio colectivo, pola representación económica da dirección de Transportes La Unión S.A., Raúl López López, Juan Gómez Piña, Fco. Javier Lorenzo González e pola representación da parte social, os delegados de persoal Dositeo Peón Amoedo, José Fernández Taboada e Venerando Gómez Leal.

ANEXO

Convenio colectivo de Transportes La Unión, S.A.

A. Táboa de salarios desde o 1-1-2003 a 31-12-2003.

Persoal €ministrativo	Euros mes	Euros/h. extra
Xefe de servico	1.075,69 €	12,36 €
Enxeñeiros e licenciados	937,50 €	10,78 €
Xefe de negociado	747,36 €	8,58 €
Oficial de primeira	675,93 €	7,77 €
Oficial de segunda	631,91 €	7,27 €
Auxiliar €ministrativo	571,61 €	6,57 €
Persoal de movemento		
Xefe de tráfico de primeira	811,60 €	9,33 €
Xefe de tráfico de segunda	782,73 €	9 €
Xefe de tráfico de terceira	735,65 €	8,46 €
Vendedores de billetes	626,98 €	7,12 €
Persoal de movemento		

Inspector	23,29 €	6,11 €
Conductor-preceptor	22,80 €	5,97 €
Conductor	22,39 €	5,89 €
Cobrador	19,54 €	5,15 €
Mozo de Administración	18,64 €	4,89 €
Persoal de talleres		
Xefe de taller	930,17 €	10,69 €
Encargado de taller	726,71 €	8,36 €
Persoal de talleres		
Xefe de equipo	24,34 €	6,39 €
Oficial de primeira	23,45 €	6,16 €
Oficial de segunda	22,34 €	5,88 €
Oficial de terceira	21,38 €	5,62 €
Aprendices: salario mínimo segundo idade en cada caso		

B. Outros conceptos desde o 1-1-2003 a 31-12-2003.

1. Axudas de custo:

-Servicio de liña regular en Galicia:

Comida: 8,25 A.

Cea: 8,25 A.

Pernoctación: 10,86 A.

-Servicio de liña discrecional en España e Portugal:

Comida: 13,85 A.

Cea: 13,85 A.

Pernoctación: 16,57 A.

-Resto de países non mencionados anteriormente:

Comida: 19,80 A.

Cea: 19,80 A.

Pernoctación: 25,10 A.

2. Quebranto de moeda: 0,89 euros/día.

